

# TIKOSA

REVISTA DO CEIP DE PALMEIRA

18



Eva 5 anos

CURSO 2010-2011

# Índice

Limiar.....	3
Empezamos unha nova etapa.....	4
Biblioteca.....	5
MEDIO AMBIENTE: Gota a gota e tiro porque me toca.....	6
Celebramos o Samain.....	7
María, ía, ía .....	8
O Festín dos mortos .....	9
Celebramos a festa do Magosto.....	11
O Magosto .....	13
Unha visita... Científica! .....	15
A Constitución.....	16
A tropa de trapo.....	18
Un día con Amigos.....	19
Conto da castaña e o lobo.....	20
Seres imaxinarios .....	21
Gañadores e finalistas: tarxetas de Nadal.....	22
No smoking law in Spain.....	23
A vida nos ríos. O río Mandeo.....	24
O autor de “Ojo de Nube” .....	25
Plantamos pensamentos.....	25
Día da Paz.....	26
A ópera de Cincenta.....	30
Visitamos o Acuario da Coruña.....	32
A Torre de Hércules.....	33
Saída ao parque natural.....	34
Os refuxiados.....	36
Charla: “Evita el fuego...La diversidad es vida”.....	36
Inventamos cómics.....	37
Entroido.....	38
O obradoiro de instrumentos galegos.....	40
Eoivisión.....	41
As catro estacións.....	42
Compartamos tarefas.....	43
O Duende Melodías.....	44
Charla con Teresa González Costa.....	45
Unhas estupendas lectoras.....	46
Abraham Carreiro.....	46
Experimentamos coa auga.....	47
Día das letras galegas: saída á Pedra das Cabras.....	48
Exposición de ríos de Galicia.....	49
Parque do Vilar.....	50
Río Mandeo.....	51
Celebración da Pascua nas clases de Inglés.....	52
Ecosistemas nas clases de Inglés: 1ºB.....	53
Hora de ler.....	54
O Náutico.....	55
De maior quero ser.....	56
Lois Pereiro.....	58
CERTAME LITERARIO DA BIBLIOTECA DO CENTRO.....	60
Modalidade: Debuxo.....	60
Modalidade: Cómics.....	62
Modalidade: Poesía.....	63
Modalidade: Conto.....	64
Os netos son avós .....	69
Gracias á ANPA pola súa colaboración.....	70
Chegou a hora da despedida .....	71

## LIMIAR

Ó peirao de Palmeira  
chegou dona Tixosa.  
Ven moi adornada,  
semella fermosa.

Os nenos do Cole  
estana a agardar.  
Sabem que con ela  
ben o van pasar.


Trae contos, fotos,  
viaxes, aventuras,  
festas, diversións:  
De todo houbo fartura.

Está feito o pantalón,  
cos debuxos dos nenos e nenas.  
Leva unha gran diadema  
decorada cos poemas.


As adoas do colar  
son os retratos dos nenos.  
Algo rillotes os grandes,  
e máis serios os pequenos.

A “seña” Tixosa quere  
toda a vila visitar,  
desde o Norte a Cudieiros  
e da Cambra ó Vilar.

Na praia ou no pinar,  
pódela saborear.  
Se a les amodiño,  
mogollón vaiche gustar.



RAÚL - 5 anos



ISAAC - 5 anos



ALEX - 5 anos



## EMPEZAMOS UNHA NOVA ETAPA



**LUCÍA**

**HELENA**

**SORAYA**

**IKER**

**UXÍA**

**ÁLVARO**

**ROI**

**SHAILA**

**PEDRO**

**HUGO**

**SHEILA**

**EDUARDO**

**MAURO**

**XABIER**

**MANUEL**

**ALEXANDRA**

**ANTÓN**

**MARTÍN**

**SARA**

**SAYF**

**SHARLEENE**

**IAGO**

**HUGO**

**ELENA**

**ALEXANDRE**

**SALVADOR**

**LAURA**

**BORJA**

**NURIA**





O Equipo de Biblioteca organizará durante este curso unha campaña de Animación e Promoción da Lectura relacionada coa música Titulada “CONTOS CON CANTOS”. A música está moi presente nas nosas vidas: cando imos de viaxe ou de excursión e cantamos á vez, cando a poñen os nosos pais e a nós nos parece algo antiga... Hai unha música machacona que soa pola radio e outra descoñecida que nos invita a poñer o oído e calar. Coñeceremos moitos libros con música para disfrutar léndoos e escoitándoos.



Durante o segundo trimestre celebraremos o Día da Paz, o Entroido, o Día da Poesía, o Día do Teatro, o Día Internacional da Muller... Realizaremos exposicións de libros relacionados coas datas, dramatizacións, recitais... elaboraremos materiais didácticos e procuraremos que se acheguen ao colexio autores ou ilustradores. A finais deste trimestre convocaremos, o “Certame Literario de Agapito”.

No terceiro trimestre centrámonos na celebración do Día do Libro Infantil e Xuvenil e o Día Internacional do Libro, realizando actividades baixo o lema “Mes do Libro e da Lectura”. O Día das Letras Galegas, o Equipo de Biblioteca colaborará co Equipo de Dinamización Lingüística e divulgará o material literario e biográfico do autor ao que está adicado ese día.





## **GOTA A GOTA E AFORRO PORQUE ME TOCA**

O proxecto Voz Natura deste curso chámase GOTA A GOTA AFORRO PORQUE ME TOCA e aborda os seguintes aspectos:

- Importancia da auga nas nosas vidas.
- Consumo responsable e ciclo da auga.
- Estudo da flora e fauna do río Azor, limpeza e mantemento.

Continuando con proxectos anteriores seguiremos traballando con:

- Campañas de recollida selectiva (plástico, papel, pilas...).
- Limpeza de patio.
- Acuario de auga salgada.



Relizaremos Obradoiros, charlas e xogos sobre a auga, saídas ao río Azor, e saída para visitar a aula natural de Chelo.

No primeiro trimestre empezamos cunha exposición de libros. Elaboraremos un calendario do ano 2011 adicado a refráns sobre a auga. Tamén se elaborará un tríptico titulado Nadal Natural, para mandar ás familias, no que se dan consellos e recomendacións para celebrar un Nadal natural sen agredir á natureza e se da a coñecer o proxecto Voz Natura deste curso.





## CELEBRAMOS O SAMAÍN

A festa das cabzas é unha celebración tradicional galega, de orixe celta. No colexio montamos unha gran exposición na que se mostraron aqueles traballos que trouxeron os nenos e nenas e que estivo aberta ao público a última semana de outubro.

O venres 29 as cabzas acendéronse e cada clase baixou a velas acompañados do seu titor ou titora. Que medo!!!





## MARÍA, ÍA, ÍA

Unha muller viúva e a súa filla eran tan pobres que non podían comprar carne. Un día a nai mandouna comprar un pouco de asadura.

Camiño da carnicería púxose a xogar cunhas amigas e perdeu os cartos.


Preocupadísima, acordouse que ía pouco morrera unha muller. Foi ó cemiterio, abriu a sepultura, sacoulle a asadura e deulla a nai.

Cearon e foron á cama. A media noite, oíron:

«¡María, ía, ía, dáme a asadura que me quitaches da sepultura!».

Asustada a meniña preguntaba a súa nai quen sería. A nai dicíalle:

- ¡Cálate e irase!



Pero a morta seguía:

- ¡Non me vou, non, que abrindo a porta xa estou!

¡María, ía, ía, dáme a asadura ...

E así unha e outra vez. A nena preguntando cada vez máis asustada e a nai mandándoa calar...

E a morta ía: subindo a escaleira..., entrando na sala..., entrando na alcoba..., acercándose á cama... e...

«¡Non me vou, non que agarrándote dos pelos xa estou!».

“Mil años de cuentos” Ed. Edelvives. Conto moi popular en moitos países

## O FESTÍN DOS MORTOS

Atravesando un cemiterio, un home tropezou cunha caveira e doulle un puntapé e con burla invitouno a cear ás oito da noite.

A caveira non respondeu pero as oito da noite alí estaba o esqueleto, envolto na súa mortalla.

Puxéronse a cear pero o morto só finxía comer pois ía tirando debaixo da mesa o que aparentaba levarse á boca.

Cando finalizou a cea, o morto invitouno para o outro día pola media noite no cemiterio ameazándoo con desgrazas irreparables se non ía.



O home acudiu ó cemiterio, a noite escura cunhas luciñas e un delicioso arre-cendo da cea, e o home sentouse fronte do que o invitara.

Tal como vira facer ao esqueleto na súa cea, finxiu comer e beber, pero tiraba debaixo da mesa o que aparentaba levarse á boca.

Ó finaliza-la cea, o morto felicitouno.

- Home, es moi listo. Se non acudises á cita sucederíante grandes desgrazas e si comeras unha soa miga de pan ou bebido unha soa gota de viño, quedarías mor-to no acto. Agora, vaite e, en adiante, respecta máis ós mortos.

*Adaptación dun conto gascón*



LETICIA - 2ª



Francisca era unha señora maior que sempre estaba traballando na súa casa, nas terras, axudando aos veciños... e nunca tiña tempo para descansar. Cando veu a morte buscala non a atopou, pois cando chegaba onde lle dicían que estaba Francisca, ela xa ía noutra tarefa.

Ao final marchou sen ela, cansa, e enoxada de tanta vida ao seu redor.

Cando lle preguntaban dicía Francisca:


- Non teño tempo para morrer.

*Do conto cubano: Francisca y la muerte.*



PAULA P. - 2ºA

CÉSAR - 2ºA




No Samaín disfrázaste de min.

Dime, que son?

Unha bruxa non,  
un vampiro non,  
un fantasma non,  
unha araña non...  
Unha cabaza. Si.

...?



Todos bailamos  
ata mañán,  
todos cantamos  
ha, ha, ha.  
Mórdote a ti  
e a todos vós.

LUCÍA - 2ºA

MARIÑA - 2ºA



As bruxas  
andaban  
polos camiños  
prohibidos.

CARLOTA - 2ºA




MÁXIMO - 2ºA




## CELEBRAMOS A FESTA DO MAGOSTO



MARTÍN - 6ºA



LUCÍA - 2ºA




IRENE - 6º A

O 16 de novembro celebramos o magosto. Primeiro plantamos castañas, noces, abelás, landras... nunha maceta. Despois, na hora do recreo, comemos as castañas asadiñas que estaban para chuparse os dedos mais a festa quedou deslucida porque cando participabamos nos xogos populares empezou a chover e tivemos que volver para as aulas. Que peniña nos deu!!


Dende o 16 de novembro e ata o 30 estivo aberta a exposición sobre o outono que se montou cos traballos realizados polos nenos e nenas e que puido ser visitada por toda comunidade escolar.





LUCÍA - 2ª






ÁLEX




EVA



INÉS



ISAAC



JUANVI

## O MAGOSTO

Un ano máis,  
como en anteriores  
facémo-lo magosto  
pequenos e maiores.

Nos montes galegos  
hai moita castaña,  
temos mais nós  
que no resto de España.

Os nenos do Norte,  
Brañal e Rochela,  
os do Miñoteiro  
e os de Insuela.


Os da Carballa,  
Vilar e Ventín  
xuntámonos todos,  
ata de Chacín.

Se fixera soliño  
sería un acerto  
se non o facemos  
no patio cuberto.

Acendede a fogueira,  
botádelle leña,  
habará para todos  
¡veña quen veña!

Pintámo-la cara  
co tizón da fogueira  
semellamos guerreiros.  
¡SOMOS DO C.E.I.P. PALMEIRA!

(Mario e Paca)



SAMUEL



PAULA



JUAN LUIS



ÁNGELA






KEVIN




SARA




MARIO



YAIZA



RAÚL




YOEL



## UNHA VISITA... ¡CIENTÍFICA!

Hoxe, día 4 de novembro de 2010 viñeron dous científicos ao colexio, e falaron do mar. Primeiro elixiron dúas compañeiras para facer un experimento: Antía e Marta. Para facelo colleron auga fría e Marta botoulle sal e remexeuna (era a auga do mar). Despois, quentaron unha xerra de auga nun microondas e Antía botoulle aromatizador de comidas amarelo e remexeuno (era auga do río) a continuación verteron a auga do río no bol da auga do mar e a auga do río subiu para enriba e a auga do mar quedou abaixo porque pesa máis.






Despois ensináronos onde se pode pescar e onde non, e fixeron un xogo sobre eso, de pesca, onde elixiron voluntarios e tiñan que pescar tapas de latas que eran os peixes onde non se puidera pescar non podían pero... ¡Dalí tamén saían peixes pequenos e non os podían coller! Se non perdían. Foi moi divertido e ao final, ¡regalaron marcapáxinas!

ALBA - 5ºA





# A CONSTITUCIÓN









## A TROPA DE TRAPO

O 2 de decembro os alumnos/as de 1ºA e 1ºB foron ó Auditorio a ver a película chamada "A tropa de trapo". Aí vai un resumo feito por eles dese filme.



Esta é a tropa de trapo.



Un día Mumu probou a vivir como unha ovella no país onde sempre brilla o sol...



Pero a verdade e que no país onde sempre brilla o sol pasan cousas moi raras.



E Mumu decide que a vida das ovellas non é moi divertida e que añora á tropa.



A tropa acude a rescatar a Mumu,



e conseguen esquivar os ataques dos esquíos do rei.



Sálvanse todos e mesmo as ovellas, que tecen cadanseu para caídas de la.




Ao final foron todos moi felices e o rei do país onde sempre brilla o sol volveu sorrir.

# UN DÍA CON AMICOS

ALUMNOS/AS DE 6ª

O día 2 de decembro fomos 6ª e 6ºB ao Auditorio de Riveira a ver unha exposición sobre as persoas discapacitadas. Na asociación AMICOS fan moitas cousas de cerámica, pulseiras, alfombras... Fixemos de cegos pintando debuxos, para coller un color tes que ulilo, cada cor ten un olor, e tivemos que adiviñar alimentos polo olfacto.



Este xogo consistía en coller a pelota cos ollos vendados seguindo o son do cascabel que levaba dentro. Foi moi divertido pero tamén difícil.



Este xogo consistía en pasar sen tirar os conos "farolas" como se foses un cego pola beirarrúa. Chocamos moito e démonos conta do difícil que é andar se es cego.



Montamos nas sillas de rodas facendo carreiras.




Fan cousas magníficas, moi bonitas, gustáronme todas, e estar con eles tamén.






# CONTO DA CASTAÑA E O LOBO

DANIEL A. - 2ªA





Erase unha vez un lobo que era vegetariano, e gustábanlle moito as castañas, e iba por todos os castañeiros dicíndolle: Salta, salta castañiña que eu che collo, e as castañas coma pensaban que os lobos non comían castañas rotábanse e comían.



Pero un día, unha castaña que estaba na súa casa lendo o periódico, veu a noticia de que un lobo vegetariano, estaba comendo todas as castañas do souto.

Enton tivo unha idea, pídeulle axuda a súa amiga o esquío e ela deulle varias pedras.



O lobo chegou o castañeiro, onde vivía a castaña e díxolle: Salta, salta castañiña que eu che collo, e a castaña díxolle: comer comerásemos, pero antes estas pedras tes que tragarte.


E cando o lobo as tragou rompeu todas os dentes e asustouse tanto que escapou correndo, e nunca máis o volveron a ver polo souto.

## SERES IMAXINARIOS

### MARIRRATA

A Marirrata vai voando ás casas dos nenos pola noite, para morderlles os pés. Para librar-te dela tes que poñer queixo debaixo da cama, e nunca máis volve.

MARTA - 6° A



### POLIRRISITAS

Este é o monstro da risa. Ten un só ollo, un gran sorriso, uns peliños máxicos de cor lila e o corpo de cor rosa. Só ten tres tentáculos. O que nos causa a risa é el. Cando che toca cos seus peliños máxicos, prodúcenos cóxegas ou risa directamente. Só o podemos ver os nenos e nenas máis listos e simpáticos nos días de lúa chea. Así que... estade atentos que poder ir a por vós.


NEREA - 6°A

### AVIOLET

AVIOLET provoca aos nenos cando dormen, uns soños malísimos, asústanse e non dormen. Así é como se lle producen as olleiras. É medio abella, medio serea. Provócalles estes soños co seu corno violeta. Para que desapareza hai que poñer 56 amorodos debaixo da cama e xa se vai porque non lle gustan as amorodos.



ZOE - 6°-A



### FEDOBICHO

Este pequenísimo insecto, como o seu nome indica, vai polas noites á túa habitación e lanza unhas pequenas bombas fétidas, de maneira que cando espertes haberá un terrible fedor. A maneira de desfacerse del é poñendo catro rosas brancas, porque odia a cor branca e porque o catro é un número de mal fario. Dos animais da mitoloxía galega é con moita diferenza o máis fétido en comparación co seu tamaño.


JACOBO - 6°B



# GAÑADORA E FINALISTAS—TARXETAS DE NADAL



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN  
DA LINGUA GALEGA






## No smoking law in Spain

On the 2nd of January, 2011, Spain brought in one of the most severe No Smoking Laws. Smoking is banned in all enclosed public spaces, as well as outdoors, in the grounds of hospitals, children's play areas, near schools and airports.

We all know or, at least we should already know, that smoking is bad. Once you begin smoking it may be hard to stop, so please, have a look at our advice:





## A VIDA NOS RÍOS. O RÍO MANDEO.

Hoxe luns 24 de xaneiro, tivemos no cole unha charla sobre os ríos e a vida que hai nelas. A charla foi moi interesante, pois nela faláronnos dos animais e das plantas que viven no río Mandeo ou nos seus arredores. Grazas a esta charla soubemos que animais están en perigo de extinción, as plantas que están nos ríos...

Uns dos animais que están en perigo de extinción son a tartaruga galega e o cangrexo galego, porque as tartarugas de Philadelphia e os cangrexos americanos estalles quitando os seus territorios.

Hai peixes, como as troitas, que quedan toda a vida nos ríos, e outros, como os salmóns, nacen nos ríos, van ao mar e despois cando pasan uns anos volven aos ríos, pero nalgúns hai encoros e non poden vivir alí.

As plantas que máis abundan nos ríos son os nenúfares, que son follas que medran na superficie dos ríos e tamén serven de refuxio para as ras.

Outras son os ameneiros que medran na beira do río e serven de refuxio para outros animais.

MARTÍN - 6ºA




### Esquío

É un animal enquieto que sempre está alita. Vive entre os árbores, saltando grandes distancias grazas á súa cola que lle serve de contrapeso.



### Mochuelo

É a única ave rapaz que prefere ter a súa casa no chan, nun burato. Ao contrario dos bubos, que cazan de noite o mochuelo caza de día. Aliméntase de pequenos roedores, réptiles e grandes insectos.



### Merlo acuático

Vive en ríos de correntes de augas rápidas e claras. Aliméntase basicamente de larvas e insectos acuáticos. En ocasión tamén pesca pequenos peixes.

ÁNGEL E RUBÉN - 6ºB

## O AUTOR DE "OJO DE NUBE"

O autor de "Ojo de nube" é Ricardo Gómez, e hoxe, 25 de xaneiro veu falarnos do seu libro e puidemos facerlle todas as preguntas sobre el: como o fixo, como se inspirou...


O autor contounos que de pequeno gustáballe moito ver películas de indios, ler cousas sobre indios e xogar cos seus amigos aos indios. E seu avó contáballe historias sobre indios.

Díxonos que o que máis lle custou inventar foron os nomes tan orixinais da tribo como: Abeto Floreciente, Arco Certero, Montaña Plateada...

O libro acababa dicindo que os "crow" quedaban nas montañas e unha compañeira preguntoulle se había unha segunda parte e Ricardo díxolle que non, que así nós podíamos inventar o final e pode ser de moitísimas maneiras.

Por último firmounos os libros. Pasámolo xenial!

ALBA- 5ºA



## PLANTAMOS PENSAMENTOS

Os nenos e nenas de 2º plantamos pensamentos no patio. Mirade que ben quedaron. Agora témolos que regar e coidar para que sigan medrando e non sequen.





## DÍA DA PAZ

Os alumnos e alumnas de 4º, ao igual que o resto de compañeiros do colexio, celebramos o 28 de xaneiro o Día da Paz. Isto é un pequeno resumo de todo o que fixemos para celebrar esa data:

No noso colexio celebramos a paz dunha maneira moi especial.

A primeira cousa que fixemos foi facer un debuxo para colgalo nun mural. A segunda foi facer unha sopa de letras, para que cada clase encontrase unha palabra.

Tamén lemos un conto que se titulaba “Sálvate Elías!”, que nos resultou algo triste.

Outra das cousas que fixemos foi botar os Globos da Paz cara ó ceo; pero como non voaban, decidimos estoupalos.

Cantamos a canción de “A muralla”, coloreamos unha pomba, fixemos unhas camisetas... E moitas cousas máis!



PATRICIA - 4º


MARTINA - 4º

No Día da Paz, na nosa escola, puxémonos unhas camisetas brancas pintadas por nós. Eu pinteí a miña de negro. Pero como vin que todos os meus amigos tiñan a camiseta pintada de cores, decidín quedarme no recreo a decorala; e despois pasei polas mesas para que ma asinaran.

Logo fixemos como un xogo de adiviñar as palabras nunha sopa de letras. Era para todos os cursos! Tiñamos que ir clase por clase para que a buscasen.

A clase que me tocou a min e a miña parella Delia, foi segundo. Tiñan que buscar a palabra “bakea” e encontrárona á primeira.

Máis tarde, saímos ao patio a cantar unha canción chamada “A muralla”.



MATEO - 4º

SARA - 4º

O día 28 de xaneiro celébrase o Día da Paz.

O xoves lemos un conto titulado “Sálvate Elías” que vai sobre a guerra de Alemaña contra Francia e un neno que o apartan da súa familia para salvalo.



Tamén fixemos camisetas da Paz e a profe fixo unha sopa de letras coas maneiras de dicir a palabra “paz” en distintos idiomas, que levamos por todas as clases para que os alumnos da aula buscaran a palabra que lles tocaba. O venres fixemos unha muralla con todos os debuxos ou lemas que quixeramos

facer. Tamén cantamos unha canción que se chama “A muralla”. Ao acabar a canción soltamos globos ao aire en honor a Gandhi. Gandhi era da India e foi unha das persoas que máis loitou pola Paz Mundial. Unha das protestas que máis lle gustaban eran as sentadas. E así rematou o Día da Paz!

IRIA - 4º



ALUMNOS/AS DE INFANTIL





LUCÍA - 2ª



LETICIA - 2ª



LETICIA - 6ª



BRAIS - 3ª



CELIA - 2ª



MÓNICA - 2ª




DANIELA - 6ª



ALBA - 4º







## A ÓPERA DE CINCENTA

O día trinta e un, ás nove menos cuarto saímos da escola para ir a Santiago de Compostela. Fomos 1º Ciclo. Chegamos ás dez.

Cando pasamos por Padrón vimos a vía do tren e o río Ulla.

Entramos no Auditorio e pasamos unhas cortinas e estabas nun teatro con máis de cen asentos e cun gran escenario.

Fomos ver a ópera de Cincenta do autor Rossini. A narradora era unha ratiña moi simpática, explicounos a historia e preguntounos se tiñamos medo e dixémoslle que non... Nesta obra non había madrasta se non padrasto.




DANIEL A. - 2ºA



Cincenta-Angelina púxose a limpar e chegaron as medio irmáns Tisbe e Clorinda, e logo veu o príncipe Don Ramiro -disfrazado de criado para ver quen o quería de verdade e non so por ser príncipe e ter riquezas. E o criado Bambini -disfrazado de príncipe -doulles as tarxetas para o baile ás medias irmáns, elas déronllas ao seu pai -don Magnífico- e el rompeu a tarxeta de Cincenta.



CÉSAR - 2ºA



LUCÍA - 2ºA



LETICIA - 2ª



MÁXIMO - 2ª

Foron ao baile e non recoñeceron a Cincenta, porque puxo unhas gafas de sol que non lle quedaban moi ben, pero estaba guapísima. E no baile perdeu un zapato. E logo, cando foron á casa, probáronllo e viron que era dela.

O príncipe convenceuna -ela pensaba que era un criado- pero quedou con el, o príncipe de verdade.

Como era cantada non se lle entendía nada.



PAULA M. - 2ª

SARA - 2ª



Foi moi, moi “diver”. Gustounos cando rompeu a pota en dous e saía todo o fume, e abriuse ao fondo unha porta que brillaba moito. Foi precioso todo.

Despois de vela obra vimos unha exposición de fotos antigas en branco e negro de modelos, e homes e mulleres famosos.

Logo, ao ir merendar, pasamos por un lago que tiña moitos patos e algúns cisnes. Cando pasamos aos patos vimos que había unha ferverza. A nosa profe contounos que ese río xuntábase co río Ulla.

Pasámolo moi ben. Subimos ao autobús e chegamos ás dúas menos dez ao cole.

2º A



CELIA - 2ª



ALBERTO - 2ª



## VISITAMOS O ACUARIO DA CORUÑA

O 10 de febreiro fomos a A Coruña. Visitamos o acuario Finisterrae. Vimos moitas especies de peixes, sardiñas que nadaban xuntas formando bancos.

Na Charca das caricias tocamos a pel de tiburón e os ovos da raia. Vimos o planeta Terra, e tamén un vídeo sobre a auga. Había un detector de maremotos e tsunamis.

Entramos nun submarino e había moitos peixes. Vimos a Gastón, o tiburón touro, a femia chámase Hermosa. Ó saír do Acuario, despois de merendar fomos á Pista de Patinaxe. Pasámolo moi ben.

Nenos e nenas de 3º




DIEGO - 3ºB



## A Torre de Hércules

O 7 de febreiro os nenos e nenas de 6º viñeron a contarnos a historia e a lenda da Torre de Hércules. Había un xigante que lle sacaba os fillos e as terras ós habitantes do pobo. Hércules loitou con Xerión, o xigante; e cortoulle a cabeza. Hércules mandou construír unha torre que tivera enriba unha antorcha. A Torre de Hércules.

ALUMNOS/AS DE 3º



A mitoloxía dí que houbo un xigante, Xerión, rei de Brigantium, que obrigaba aos seus súbditos a entregarlle a metade dos seus bens, incluíndo aos seus fillos. Un día os seus súbditos decidiron pedirle axuda a Hércules, que retou a Xerión nunha gran batalla. Hércules derrotou a Xerión, cortoulle a cabeza e enterrouna. Enriba de onde enterrou a súa cabeza mandou levantar un túmulo que coroou cunha gran antorcha. Preto deste túmulo fundou unha cidade e, como a primeira persoa en chegar era unha muller chamada Cruña, Hércules púxolle ese nome.


ANDREA E MARÍA - 6ºB



## SAÍDA AO PARQUE NATURAL

Os alumnos e alumnas de 4º de Primaria, xunto cos de 3º, realizamos o 17 de marzo, unha saída ao Parque Natural de Corrubedo. Ao chegar, vimos un vídeo que contaba como se formou aquel lugar. Sabedes como se formou? Grazas á acción do vento e a area, que ían empuxando para que se crease unha capa de terra sobre o mar.

Faláronnos da gran duna móbil, que fai uns anos chegou a medir 30 e incluso 60 metros de altura (máis alta incluso que a Catedral de Santiago!); aínda que agora só mide 15-16, debido a que a xente se subía nela.



Logo fomos ao museo que teñen alí. Naquel lugar descubrimos que había dúas lagoas: a de Vixán e a de Carregal. Tamén había diferentes animais e catro tipos de areas na zona de Corrubedo.







PABLO E SERGIO - 4º



DELIA E MATEO - 4º

Contáronnos que nas zonas máis secas, as plantas alargaban as súas raíces para poder vivir.

Despois paseamos polas pasarelas e fixemos varias paradas para que o monitor nos explicase cousas: as correntes da praia, o funcionamento do anemómetro, a instalación dunhas vaías para formar novas dunas... Tamén paramos a escoitar, en silencio, os sons que se producían.

Ao final saímos das pasarelas e, despois de que nos explicaran onde estaba o norte, sur, leste e oeste; volvemos ao colexio.

FOI UNHA SAÍDA XENIAL!!

Alumnos/as de 4º



ISRAEL - 3ºB



DIEGO - 3ºB

### O paseo da Natureza

Fomos de excursión ó parque natural de Corrubedo. Vimos un vídeo do parque, de cómo se formou a duna e o parque. Na sala de exposición ensináronnos animais e cunchas. Eran moi bonitas. Saímos dar un paseo polo bosque e faláronnos de como coidar o medio ambiente.

Alumnos/as de 3º





## OS REFUXIADOS

Os refuxiados son persoas que teñen que fuxir do seu país porque non están de acordo co seu goberno.

ACNUR é unha organización que axuda aos refuxiados. Agora está axudando á xente de Libia, porque o dictador Gadafi bombardea Libia. Os cidadáns non están de acordo con el e queren que se vaia. Gadafi di que prefire morrer matando xente e que non vai a deixar o seu posto. Espero que isto acabe dunha vez.

SANDRA - 6ºB



ANDREA - 6ºB



MARÍA REY - 6ºB

## CHARLA: “Evita el fuego... La diversidad es vida”



<http://www.evitaelfuego.es/rincon-educativo/>

Onte na escola veunos visitar unha chica a falarnos sobre os incendios. Explicounos como se producen, cando se manda un helicóptero e un avión para apagar un incendio. Ao final fixemos un xogo, un tiraba un dado e collía unha carta e despois tiñamos que explicar a que se referían.

DANIEL - 5º B



ALBA - 5ºA



XEILA - 5ºA

Dixéronnos na charla que un incendio se produce cando se xuntan un combustible como a madeira coa calor e co osíxeno e que causan moitos danos como a perda de plantas ou que fuxan algúns animais.

Ás veces nos incendios van apoiar os medios aéreos como os helicópteros e os hidroavións; a bolsa que levan se chama bambi. Os incendios poden ser propagados polo subsolo, pola superficie ou polas copas.

CRISTINA - 6º A



# INVENTAMOS COMICS

**Na praia ☀**

Un día, o avó dunha familia foi coller nun tenderucho un ~~X~~elado.

Clara e o can, foron a auga e nadaron, e despois xogaron ca pelota.

O can foi coller o sombrero do pai, que se lle caera ao mar.

Ao final a familia divertíuse, e pasarano xenial.

LETICIA - 6ª

**OS TESOUROS DO FAIADO**

Irene 6ª

Un día Mónica invitou a dormir na súa casa á súa amiga Lorena.

As dúas rapazas foron ao faiado

Que medo teño. Encende a luz.

Mónica non te preocupes xa encendo a luz

Bemvida. A que queres xogar?

Podríamos ir a buscar tesouros ao faiado

Lastimínime. Encende a luz rápido

**PLOF**

Mira ese baúl

Crees que terá moitas cousas?

As nenas disgrazáronse

Que tal me queda esta roupa de princesa

É a min a de princesa

Sí

Ten disfraces. Disgrazámonos?

Moi ben

Moi ben

IRENE - 6ª



## ENTROIDO



Hoxe, 5 de marzo, é o día máis especial para min porque imos facer o desfile de antroido vestidas de rockeiras. Creo que o pasaremos moi ben pois é un día especial para nós. Ao chegar á clase puidemos falar un pouco. E xa saímos, por parellas.

Empezamos a desfilar ás 11. Tod@s íamos guapísim@s! Moitos con perrucas.

Polo camiño había moitas persoas que andaban sacando fotos. Cando chegamos ao final do Porto estivemos alí xogando un pouco. E regresamos, andamos un pouquiño máis e xa chegamos ao colexio para deixar as cousas.

Cando baixamos, as profes déronnos roscas, filloas e orellas para comer e bebida.

Xogamos e bailamos un pouco, o profe Fernando puxo música, vimos unha actuación: o baile de Shrek, e subimos a recoller para marchar para a casa.

Carlota, Lucía, Celia, Leti, Daniel A., Cati e Mario - 2º A









## O obradoiro de instrumentos galegos

O día 25 de febreiro viñeron a ensinarnos instrumentos tradicionais galegos: A gaita, a pandeireta, o bombo, o pandeiro, a táboa de lavar, culle- res, piñas, cunchas, a arpa de boca... Tocaron a gaita: melodías dos Simpson e dos Picapedra. Ó final deixáronnos tocar os instrumentos.

Nenos e nenas de 3º



ALEXIA - 3ºB



MARIÑA - 2ºA



SACHO



FRAUTAS



CULLERES



ASUBIO



TARRAÑOLAS



PIÑAS



PRATIÑOS



BIRIMBAO



CUNCHAS



PANDEIRETA



CHARRASCO



TAMBORIL



TÁBOA DE LAVAR CON DEDAIS



FRAUTA



FRAUTAS



SUBIOTE



CANA

## Eoivision

Fourth and Sixth grade participated in Eoivision, a song contest organized by E.O.I .We both sang a song. Fourth sang a never ending song about a music man and sixth, Mamma Mía by ABBA.

We all worked very hard and we all enjoyed it, too. We received a prize: two boxes of chocolate. It was great!



### I'm a music man

This school year, we are learning how to say the name of some instruments. We learn a never ending song that includes lots of them. It's very very funny ! **Sing it !**

I'm a music man  
I come for far away  
And I can play...  
What can you play?  
I can play **the piano**

The pia pia pia no  
The pia no  
The pia no  
The pia pia pia no

The pia no

I'm a music man  
I come for far away  
And I can play...  
What can you play?  
I can play **the trumpet**

The trumpet trumpet trumpet trump  
The trumpet trump  
The trumpet, trump  
The trumpet trumpet trumpet trump  
The trumpet trump

The pia pia pia no  
The pia no  
The pia no  
The pia pia pia no



# As catro estacións

## A Primavera

Tempo cambiante,  
tempo de tolos,  
mañáns soleadas  
e tardes de lóstregos.

Merendas no monte  
de excursión ao campo  
recollemos flores  
e todo limpo deixamos.

Flores nas árbores  
anuncian os froitos,  
os nenos nos parques  
xogando con todo.

CRISTINA - 2ºB



SARA Q. - 2ºB



HUGO - 2ºB

## "O VERÁN"

As polas das árbores  
resisten o peso  
cargados de froitos  
que saben de medo.

Calor á mañá  
máis calor á noite  
baños na auga do mar  
e nas frescas noites.

Con sol moi radiante  
e caloríña nas noites  
saen de troula os secantes  
bailaríns e cantantes.

E nas festas do barrio  
atápanse os amigos  
e o trasma Carolo mica  
como nos derecemos.

SARA G. - 2ºB

## O OUTONO

Sue ao bosque a disfrutar  
dos novos cambios no cor  
das follas caídas no chan  
e do río coa súa canción.

Amarellos, laranxos e vermello  
enchén as follas das árbores  
antes de que estas se solten  
co primeiro vento que pase.

Das persoas do outono  
quedámonos co máis importante  
o trasma chamado Carolo  
que nos acompaña nesta viaxe.

O trasma carola vive  
baixo un cogomelo xigante  
se necesitamos axuda  
acudirá nun instante.



ANDRÉS - 2ºB

DESIREE - 2ºB

## "O INVERNO"



CRISTINA - 2ºB

O trasma Carolo viste  
gaita, luvas, bufanda  
liza paraguas e chubasqueiro  
seguros que estamos no inverno.


Tempo de chuvia e de neve,  
tempo de frío e xeadas  
tempo de novas xogas  
e cae unha gran nevarada.

E se non se pode saír  
por mor do frío da neve  
un conto para compartir  
farcemos a tarde máis leve.

MARTA - 2ºB



# Compartamos as tarefas





## O Duende Melodías

O profe Miguel contounos un conto. O Duende Melodías.

Nun bosque vivía un duende chamado Duende Melodías. Tocou a fruta e preguntoulle ás flores que tal o facía e a Xoaniña díxolle que moi ben. Un día tivo que ir urxentemente a unha orquestra, foise e deixouse a súa fruta na casa.

Pasou un tempo e veu a Araña asustando a xoaniña, a e a Araña díxolle:

- Ai! Xoaniña, ogallá fora unha princesa e non ter pelos nas patas e nos brazos e non ser de cor negra.

E a Xoaniña fíxolle unha trampa

- Pois entón entra na casa do duende e toca a fruta. É máxica.

Plafffff! E a Araña converteuse nunha princesa.

E di a Xoaniña:



- Pero... Pero... Se era mentira.

Entón a Xoaniña quería ser mellor que a Araña, entrou e gritou:

- Quero ser raíña!

Nada. Quedou coma estaba e non volveu gritar. A fruta era máxica so para o que pedira cousas co corazón non para ser mellor que os demais.

E recordade: **Tendes que compartir.**



## CHARLA CON TERESA GONZÁLEZ COSTA

Veú ao colexio a autora do libro “A filla do ladrón de bicicletas”. Este libro gustoume moito. O meu personaxe favorito é Serafina, porque é unha rapaza alegre, boa, positiva e soñadora. Teresa falounos sobre o conto, os personaxes...

MARÍA REY - 6ºB



ANDREA - 6ºB

Os cursos de 6º e 5º tivemos unha charla con Teresa González Costa, a autora do libro “A filla do ladrón de bicicletas”. Foi moi interesante. Estivemos falando e preguntando cousas sobre o libro. Teresa foi moi amable con nós e explicounos moi ben as cousas. Ensinounos debuxos de celeríferos, unhas bicicletas da antigüidade. Ao final, a autora firmounos os nosos libros. Foi interesante!!!





## UNHAS ESTUPENDAS LECTORAS

Hoxe, unhas nais e a miña avoa viñéronnos ler ao colexio uns contos estupendos. Alí estabamos os nenos e nenas de 5º A e 5º B.

A miña avoa leunos un conto de misterio, duns cromos de fútbol. A nai de Pablo leunos “Manolito Gafotas”. E encantoume! E tamén viñeron máis participantes como a nai de Rubén que escolleu un libro moi bonito, da nosa biblioteca, e por último a nai de Lucía León que nos leu unhas frases moi graciosas (ese libro encantoume). Todos me encantaron, pero o que máis me gustou foi o da miña avoa, porque ese libro regaloumo ela e sempre o leo.



RICARDO- 5ºA

ALBA- 5ºA




Hoxe, no colexio, como todos os anos, as nosas nais e avoas viñeron a lernos. A miña nai foi a última. As únicas que viñeron foron: a avoa de Ricardo, a nai de Pablo Escalera, a nai de Lucía León e a miña nai. Leron contos moi bonitos pero os que máis me gustaron foron o de Manolito Gafotas e os chistes do Hormiguero.

RUBÉN- 5ºA

## ABRAHAM CARREIRO

Hoxe veu ao colexio Abraham Carreiro. Ensinounos trucos para debuxar. Debuxou ás súas mascotas: unha cegoña, unha tartaruga, un pingüín... Fixo unhas caras, mostrando os distintos estados de ánimo. Debuxou un mexicano e, coloreouno coas mans!

ALUMNOS/AS DE 3º



DIEGO - 3ºB



ISRAEL - 3ºB



# EXPERIMENTAMOS COA AUGA

## O ARCO DA VELLA

VI MOS O ARCO DA VELLA NUN CD

REFLEXAMOS A LUZ DUN FOCO NA AUGA E NUN ESPELLO E APARECEU O ARCO DA VELLA.

PASOU A LUZ POLO PRISMA E FIXO UN ARCO DA VELLA. REFLEXOU NA NOSA CARA.

## PAO DA CHUVIA

PEGAMOS TUBOS DE PAPEL. METEMOS PAOS CRUZANDO OS TUBOS. TAPAMOS UN EXTREMO CUN GLOBO.

BOTAMOS DENTRO ARROZ E TAPAMOS O OUTRO EXTREMO.

PINTAMOLO. O SECA PROBAMOLO. DAMOSLLE VOLTAS E SONA.

## SABOREAMOS AUGA

probamos auga con diferentes sabores.

augas con sal  
- auga con azucre  
- auga con limón  
- auga con menta

## REUTILIZAMOS BOTELLAS DE AUGA

Cortamos a botella. Recortamos as pétalas.

Decoramos con rotuladores.

Botamos unha bola de plástico e un par. E QUE BOVITAS ESTAN TODAS XUNTAS

## COLOREAMOS AUGA

- 1
- 2
- 3

1 PUXEMOS RESTOS DE CERAS NA AUGA.

2 COMPROBAMOS QUE NON FLOTAN.

3 AS CERAS NON COUREAN A AUGA.

## ESTADOS DA AUGA

CONDENSACIÓN

EVAPORACIÓN

precipitación

precipitación que cae na terra e se evapora

## COUSAS QUE AFUNDEN E COUSAS QUE FLOTAN

ACEITE  
- AUGA  
- MEL

## COLLEMOS DISTINTOS MATERIAIS PARA MIRAR SE AFUNDAN OU FLOTABAN



## **DÍA DAS LETRAS GALEGAS: SAÍDA Á PEDRA DAS CABRAS**

O Día das Letras Galegas, todo o colexio realizamos unha saída a unha paraxe natural do entorno chamada “Pedra das Cabras”.

Saímos a iso das 10 da mañá e durante case hora e media, camiñamos por diferentes sendeiros (estradas e camiños de pés) e incluso atravesamos o río ata chegar ao lugar.

Ese nome tan curioso fai referencia ao gran penedo que alí hai e que ten gravado nunha das súas caras, dúas siluetas semellantes a dúas cabras.

Unha vez alí... merendamos, sentamos, falamos, xogamos e bailamos. Si, bailamos! Os profes prepararan unha sorpresa: unha charanga de música tradicional galega!!

Os que máis disfrutaron da música foron sen dúbida, os nenos e nenas de Infantil, que bailaron e animaron ata non aguantar máis.

O tempo pasounos rapidísimo!! A volta custou un pouco máis, porque xa iamos algo cansos de tanto xogar. Aínda así tivemos folgos para seguir cantando, contando chistes...

**TODOS E TODAS O PASAMOS XENIAL E... PARA QUE POIDADES FACERVOS UNHA IDEA, AQUÍ VAN UNHAS FOTOS!!!**



Alumnos e alumnas de 4º

## EXPOSICIÓN DE RÍOS DE GALICIA

Fomos de excursión a Santiago ver a exposición Ríos de Galicia.

Pasamos por diante da igrexa de San Francisco. Vimos as gárgolas que estaban nun edificio onde durmían os peregrinos e pasamos por diante da catedral ata chegar á praza de Cervantes onde nos esperaba Natalia.

Entramos nunha casa antiga que restauraron e alí estaba a exposición de Ríos de Galicia e os seus habitantes, e outras.

Nunha das fotos vimos como cando é verán ou primavera no río hai escuridade e no inverno e outono había luz. Noutras fotos había animais coma: a lontra, o caranguexo vermello -que é un animal invasor, lampreas, sapos, etc. Uns eran vertebrados e outros insectos.



Aprendemos que a bolboreta non é o único animal que fai o seu “capullo”, coma a araña e outros máis. O salmón gustounos moito, é moi bonito e ten que facer moito esforzo para volver ao río, no que naceu, para poñer os ovos.

Logo, noutro sitio da casa, había cadros de pintura e esculturas.

A escultura que máis nos chamou a atención era de tres homes espidos.

Un pintor pensou porque non se podían facer cadros con outras cousas e fíxoos con cemento, pauños das orellas, ...

Tamén vimos un cadro dun pintor, era tramposo -tampantoxo- pois collía e pegaba cousas no cadro e outras pintábaas tan iguais que parecía que estaban pegadas, e para diferencialo había que velas de lado.

Ao saír merendamos nun xardín vendo a Catedral.

O máis importante é que o pasamos xenial.

*Leticia, Daniel Abad, Sara, Carlota, Lúcia, Cati, Daniel Brión, Mariña e Celia – 2º A*



## PARQUE DO VILAR



No Parque do Vilar o guía díxonos primeiro como de chamaba e despois se queriamos facer preguntas e fixeron moitas. Despois vimos unha película sobre o Vilar e as Dunas. Fomos ao museo.

Sáimos dar unha volta e algúns vimos un coello e tamén as olas do mar, facía moito vento e nos puxemos a falar.

Por último merendamos.

ALBERTO - 2ªA







DIEGO - 2ª



LAURA - 2ª



DANIEL B. - 2ª

## RÍO MANDEO

O día venres 20 de maio fomos a unha excursión ao río Mandeo; a guía explicounos as plantas venenosas e as non venenosas, os animais que habitaban alí no monte ao lado do río. Nunha charca vimos cágados e outros peixiños, tamén vimos unha babosa enriba dunha pedra, era gorda e negra. Despois do río Mandeo, fomos ao parque do Pasatempo. Estivemos nas gradas a merendar, e despois fomos nós solos a dar unha volta por aí e atopamos cisnes nun lago en un labirinto.

Despois pasamos por unha especie de ponte e fomos a un lugar onde eran covas. Paseino moi ben eu e tódolos meus compañeiros/as.

LETICIA - 6ª





**CELEBRACIÓN DA PASCUA NAS CLASES DE INGLÉS**

En Pascua fixemos moitas actividades relacionadas con esta tradición. A que máis nos gustou foi a de agachar ovos de Pascua por todo o colexio, que os/as alumnos/as de educación infantil e primeiro ciclo de primaria tiñan que atopar.

Pero... como o fixemos?

Primeiro, explicamos en que consistía a actividade. Logo, dividímonos por equipos para atopar o tesouro, os ovos de Pascua, mentres nos animábase “**WE ARE A TEAM**”.



A continuación, coas pistas aportadas, trazamos unha estratexia para comezar a procura nos nosos equipos e... empezamos a atopar os ovos de Pascua agachados.



O máis importante foi aprender a traballar ben en equipo:  
**Together**  
**Everyone**  
**Achieves**

Cando atopamos todos os ovos, volvemos á clase para repartilos e disfrutalos.

## ECOSISTEMAS NAS CLASES DE INGLÉS DE 1º B

Nas clases de inglés de 1º B dedicamos tempo a afondar en distintos ecosistemas. Deseñamos uns anteollos para poder ver o marabilloso ecosistema mariño da nosa ría e... atopamos uns cangrexos alucinantes.



Cruzamos o Océano Atlántico e na selva tropical de Brasil, fixemos moi boas migas cunhas serpes moi *enroladas*.



Estudamos o ciclo de vida das bolboretas e quedamos encantados polas súas cores e camuflaxe. Decidimos facer un recordo delas cando chegou a primavera.





## HORA DE LER

A hora de ler é un tempo que temos durante a clase para ler un libro. Facémolo en inglés, galego e castelán.

A min paréceme unha boa idea porque así podemos ler mellor e con máis facilidades. Ademais pódese ler o que se queira como un periódico, unha revista, un libro... Ler, a moitos nenos gústalles, entón coa hora de ler vailles ser máis fácil ler un libro na súa casa porque xa o van ler máis rápido.






Gústame a hora de ler.

IRENE - 6º A

MARIA R. - 6º B



## RECOMENDAMOS...





# CLUB NÁUTICO

Hoxe día 24 de Maio, fomos ao Club Náutico de Ribeira. Houbo catro clases e en cada unha había unha cousa diferente. Pasámolo todos ben porque despois de cada explicación nalgunhas clases facíanse xogos. En cada lugar aprendíase as partes dunha vela, noutro a facer nudos mariñeiros e con que pescaban antes os nosos avós, noutro os seres vivos acuáticos que hai debaixo do mar, e noutro a roupa e aparellos que fan falta para bucear. Paseino ben e aprendín cousas que antes non sabía como animais do mar e aprendín a facer nudos. Espero que volvamos a ir.

LETICIA - 6ª



**O NÁUTICO**

O DÍA 24 FOMOS AO NÁUTICO E DERONNOS CATRO CHARLAS SOBRE:

**TRAXE DE MERGULLADOR** → Luvas, gafas, etc



**CLASES DE ANIMAIS SUBMARIÑOS** → peixes, esponxas, etc



**A EVOLUCIÓN DA PESCA E NOS** →



**VELA** →



MARÍA A. - 6ª





# DE MAIOR

# QUERO SER ...



VETERINÁRIO



MÉDICO



COZIDORA



DIRECTORA



PROFESSORA



SURFISTA



YODORA



PINTORA



MINHEIRO



MÚSICO



XARDINEIRO



ESULTOR





COCINEIRO/A



ASTRONAUTA



ZAPATEIRO

FOTÓGRAFO

ALOXEIRA

TOUREIRO

QUÍMICO




NADADORA



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS: LOIS PEREIRO

## LOIS PEREIRO

IRENE - 6ºA



Naceu en Monforte de Lemos o 16 de xaneiro do ano 1959



Cando tiña 17 anos vai a Madrid a estudar políticas e socioloxía pero deixou polos idiomas e a informática



En Madrid, el, Antón Patiño, Manuel Rivas e o seu irmán Xosé Manuel fundaron a revista Loia.



Lois Pereiro era un apaixonado da lectura, do cine e da música.



Venderonlle aceite de colza, así enfermou



Morreu na Coruña o 29 de maio do ano 1996 con só 38 anos



DANIELA - 6ª

Lois Angel Sanchez Pereira

16  
Febrero  
1958

Lois



Naceu en Maforte de Lemos o 16 de Febrero de 1958



Foi aos 13 anos a Madrid onde estudou Política e socioloxía tamén aprendeu Inglés, Francés e Alemán.



Cando el viúdo en Madrid chegaron uns falsificadores de aceite desnaturalizado que el bebeu e enfermou gravemente



Enfermo viúto: Francia, Alemaña, Suíza, Bèlica, Holanda e Inglaterra e quedouse a vivir en Verlín.



En 1984 volue a Coruña e entro en poesía.



Vítima de intoxicación e de sida morre na Coruña o 24 de maio de 1996 con 38 anos.



## CERTAME LITERARIO DA BIBLIOTECA DO CENTRO

### MODALIDADE: DEBUXO

3 anos: *Iker Laíño Rivas*



Accésit:  
*Enrique Santos Vizcaya*  
- 5 anos B



4 anos: *Carla Vidal Queiruga*



5 anos:  
*Raúl Franco Ferrol.*





1º Ciclo: Carlota Martínez García - 2ºA

3º Ciclo:  
Irene Fariña Martínez - 6ºA





# MODALIDADE: CÓMIC

1º Ciclo: Celia Domínguez - 2ªA: "O remuíño de Marte"



3º Ciclo: María Álvarez Vizcaya - 6ªB: "Cumpreanos feliz"



## MODALIDADE: POESÍA

5 anos A:

**Eva Franco Gómez**

“O tulipán”

O tulipán estaba só.  
Non tiñan amigos.  
Choraba e choraba.  
Pobre tulipán.

1º Ciclo:

**Lucía Santiago Fernández - 2ºA**

“Rosa”

A rosa rosada,  
Dona Rosa maquillada  
con cores moi vivos.  
Que rosa namorada.  
Xa vén Don Rosal,  
tan guapo a busca,

3º Ciclo:

**Marta Rial Arias - 5ºB**

“No hay amor sin una flor”

¿Qué es el amor sin una flor?  
Es como las golosinas sin azúcar,  
como un pato sin plumas  
o un baño sin espuma.

¿Qué es el amor sin una flor?  
Es como un bombón sin chocolate,  
como una jungla sin elefante  
O una naranja de color granate.

¿Qué es el amor sin una flor?  
Es como el invierno sin nieve  
como un helado caliente  
o un corazón que no siente.

2º Ciclo:

**Carlos Queiruga Mariño - 4ºA**

“O mar e o vento”

O mar e o vento,  
son amigos e compañeiros,  
están de acordo para tragar,  
aos pobres dos mariñeiros.

Loitan forte contra o mar,  
para chegar á súa casa,  
Ver aos fillos e á muller,  
e levarlle a caldeirada.

“Os peixes”

Os peixes nadan polo mar,  
corren máis ca os barcos ao navegar.  
Agáchanse nas pedras dos acantilados,  
para que non sexan atopados.

Cando os barcos van pasando  
saen todos bailando,  
para poder seguir nadando.

3º Ciclo - Accésit:

**Xeila Liñayo Vicente - 5ºA**

“A mi gato”

Quiero mucho a mi gato  
porque es dulce y suave.  
por eso le canto  
y él me lame.

Es blanco y gordito.  
grande y juguetón.  
Es el gato más bonito  
y nos queremos un montón.

Con mi hermano también juega,  
sobre todo en el sofá.  
Se enfada mucho mi abuela  
y nos echa a todos para fuera.



## MODALIDADE: CONTO

INFANTIL - 4 anos. Conto colectivo ilustrado.



Estaba Alba tocando o xilófono na clase de música... e petaron na porta.



Eran Antía e Laura.

- Podemos tocar contigo?
- Si, claro.

E puxéronse a tocar.



Petaron á porta. Eran Diego, Jorge e Óscar.

- Podemos tocar contigo?
- Si, claro.

E puxéronse a tocar.



,Petaron á porta. Eran David, Manuel e Pedro.

- Podemos tocar?
- Si, claro.

E puxéronse a tocar.





Chamaron á porta e eran Elena, Diana e Paula.

- Podemos tocar contigo?
  - Si, claro.
- E puxéronse a tocar.



Petaron á porta. Eran Ricardo, Pepe, Carla e Jaime.

- Podemos tocar contigo?
  - Si, claro.
- E puxéronse a tocar.



Petaron á porta. Eran Sara, Raquel e Victoria.

- Podemos tocar contigo?
  - Si, claro.
- E puxéronse a tocar.



Estaban tocando todos e veu Samuel co seu bombo e deu un golpe moi forte.



**PUM!!!**



**Menudo susto!**



**5 anos: Yoel Castro López - 5 anos A**

Os dinosauros felices. Conto ilustrado

Eran un plesiosauro, un saichania e un espinosauro que eran amigos.  
 O diplodoco buscábaos e ía comendo follas polo camiño.  
 O terodáctilo buscábaos e ía voando.  
 O estegusauro foi camiñando tamén a buscalos.  
 O velociraptor corría rápido para atopar os amigos.  
 E por fin atopáronse todos.



**Accésit: Conto colectivo - 5 anos B**

El perro y la carroza. Conto colectivo ilustrado.

Érase una vez un perro triste que quería ir de paseo en una carroza, pero no podía ir porque es un perro, y los perros no van en carroza... Entonces se disfrazó de humano y pudo ir.



## 1º Ciclo: Leticia Cháves Gutierrez - 2ªA

### Serpentina e Serpentino

Cerca dunha xungla vivía Serpentina. Un día veu a súa veciña e preguntoulle:

-Ques ter mozo?

E lle contestou:

-Por...?

-Nada, nada...

-Que rara é a veciña- pensou.

Despois pasou o rato e díxolle:

-Ques ter mozo?

-Por...?

-Nada, nada.

E así seguido. Un día tivo fillos, ela dixo:

-So me falta un mozo!

Despois dun mes, coñeceu a Serpentino. E Serpentino díxolle:

-Ques casar comigo?

E ela contestoulle:

-Vale!

E comeron lombrices porque non tiñan outra cousa...



## 2º Ciclo: Janett Pérez Olveira - 3ªA

### A pantasma Tom na escola.

Había unha vez unha pantasma que ía á escola. Pero non era unha escola calquera, era unha escola de monstros. Naquela escola, os mestres eran monstros e o director era un monstro de 3 cabezas. Tom tiña moitos amigos como a momia Sonia, o zombie Simón, o vampiro Tomás e o home lobo Gonzalo.

Un día foron de excursión a un bosque coa escola. Alí pasaron a noite. Pola noite a pantasma Tom escoitou un ruído e dixo:

- Sonia, Simón, Tomás, Gonzalo!!! Oídes iso?

Eles responderon:

- O que oh? -déixanos durmir.

Mirou no arbusto. Só era un paxaro.

Ao día seguinte foron cara á escola a traballar. Aquela noite despois de cear, o director anunciou:

- Mañán virá un novo profesor, entón tedes que comportarvos coma monstros que sodes.

Á mañá seguinte, vestíronse e foron para o comedor escolar. Ao cabo do dun pouco, chegou o novo profesor. Chamábase Antón. Sentíase un calafrío por toda a escola. Á hora de traballar o profesor púxolles un vídeo. Parecía malo, pero non. Era moi bo! Eses monstros tiñan que ir á cidade xunta aos humanos. Ían facer un concurso de sustos!

Chegaron á cidade e empezaron a dar sustos. Pasou unha señora e... Saíron as parellas!

Frankenstein, o profesor de Ximnasia:

- Empezade... Xa!

Ao acabar, anunciaron os gañadores.

- E os gañadores son...

Simón, Sonia e... Tom!

- Aprobamos todas as materias!

Volveron á escola e fixeron as maletas, porque remataran o curso.

Era... VERÁN!!!!



**3º Ciclo: Alba Fernández Bustelo - 5ºA.**Lara y los duendes del jardín.

Me llamo Lara y mi historia es muy extraña... Desde pequeña les tuve miedo a los duendecillos que la gente pone en el jardín, me da la sensación de que se mueven o que me miran.

Un día volví del cole y cuando pasé por el jardín noté algo muy raro en él. ¡Había cuatro duendecillos, ni uno más, ni uno menos!

Le pregunté a mi madre por todo aquello, y me dijo que estaban de moda y todas sus amigas tenían alguno.

Al día siguiente noté como siempre que me miraban y se movían. Hasta que un día me acerqué a ellos y con una voz muy fina el que parecía más viejo me dijo:

- Lara, eres la elegida para ayudarnos.

Yo no podía articular ni una sola palabra. No hice nada y lo dejé hablar:

- No te asustes. Nosotros antes éramos de verdad pero un humano nos raptó y nos convirtió en esto.

La única posibilidad es que un humano que crea en nosotros ponga este cristal en el círculo del bosque en luna llena.

- ¿Qué es el círculo del bosque?-preguntó Lara.

- Donde todos los duendes nos reunimos -dijo el duende.

En ese momento llegó su madre y Lara cogió el cristal y se fue.

Pensaba que estaba soñando, pero me pellizqué. Aaaaaayyyy!!!

No, no estaba soñando. Después me prometí a mi misma que le iba a hacer ese favor y que nunca más le iba a tener miedo. Durante esa semana siempre que volvía del cole me hacían un guiño y yo se lo devolvía.

Mi madre se alegraba mucho de que ya no tuviera miedo pero aún así le parecía muy extraño que fuera tan repentinamente.

Por fin llegó el viernes y le dije a mi madre que iba a dormir a casa de una amiga y metí a un duendecillo en la mochila.

Llegamos al bosque y él me indicó el camino. A lo lejos vi un árbol enorme y el duende me dijo que buscara entre la hierba y accionara una palanca que había allí. En ese momento salió del suelo una especie de altar muy bonito. Yo me subí y dejé al duende a un lado. Puse el diamante en el altar y de pronto surgió de la luna un rayo hacia el diamante y después hacia toda la ciudad. Los duendes se volvieron de verdad y el que traje conmigo me dio las gracias y se fue con sus compañeros.

Desde entonces, Lara lo guardó y el cristal pasó de generación en generación de su familia, por si algo volvía a ocurrir.

## OS NETOS SON AVÓS

Eu nacín no ano 1929. Cando se fundou a Sociedade, cando era adolescente, fixémonos socios eu e un grupo de amigos para xogar ao fútbol pagando de aquelas 1 pta. Núñez, Angelito, Santi Pérez, José da Canle, Pampín e outros que non lembro éramos os da Primeira e coído que marcamos unha bonita etapa.

Na década dos 60 empezou un cambio social, apareceu o famoso Seat 600, empezaba a televisión... e no fútbol empezaban as tácticas máis novas e desaparecían a clásica táctica de 2 defensas, 3 medios e 5 dianteiros.

Na sociedade había un presidente e unha directiva que non apoiaban o fútbol, pero traballaban ben e estaban nesas épocas xestionando a construción do que hoxe é a sede da Sociedade Hijos de Palmeira.

Un grupo de chavales acudiron a preguntar se os adestraba, entón organizámonos e fixemos unha directiva. En Palmeira houbo sempre moi bos xefes de grupo. Fisicamente eran débiles pero eran uns cerebros, por algo eran xefes. O noso chegou a presidente da Sociedade. Todos o coñecemos: é Manolo (Mafer). Empezamos a traballar, había que buscarlle un nome ao equipo. Foi Manolo Fujiño, "si eles son fillos de Palmeira, nós somos netos". Todos aceptaron con certo aire de revancha. Facían falta cartos para o material. Abrimos unha conta na Caixa de Aforros, vendemos lote-ría, rifamos unha radio, ata camisas nos regalou un capelán (Don Norberto). Compramos o resto do material e estive-mos listos para xogar.

No deportivo non lles aporteí moito. Estaban forxados e ben. Xogaban nas praias, no campo da Corna, nos patios dos colexios e ata nas corredoiras... en calquera sitio se practicaba o fútbol. Xogabamos con equipos da comarca de Pádrón, cos do outro lado da ría e cos da nosa comarca. Non lembro ter perdido nunca con este equipo pero ninguén nos coñecía ata que un día chegou a gran ocasión. Na Pobra organizaban partidos cos mellores xogadores da comarca. Ese día xogaban co Cambados de Terceira División. O comandante de Marina impediulles o desprazamento, ía moi mal tempo e o barco non reunía as condicións. Suspendeuse o partido, había moito público, enteráronse de que en Palmeira xogaban os Netos contra o Malecón de Ribeira. Cando chegaron estabamos no descanso empatados a dous. A min os sabihondos díxéronme que puxera a fulanito, citanito... Negueime, tiña fe na colocación e na intelixencia de Fujiño, na fortaleza de José Luis da sastrería, na técnica depurada de Fernando de José Juan, na velocidade de Santos (un día marcou un gol no último minuto e doulle o triunfo aos Netos contra o Barraña e mallou unha rede, houbo que quitala). O resto do equipo xogaban ben, cada un coas súas características; sabían dar leña ou estopa, e iso tamén é unha especialidade. Díxenlle a José Luis que marcara a Pepe de Evangelina e outro que non recordo que marcara a Zamorita do Celta, e que o sacaran; aos dous interiores do noso equipo díxenlles que estiveran atentos por se escapaban e ao resto que xogaran como soberan e que loitaran coma xabatos (frase que quedou para a historia, sempre mo lembran). E empezou a segunda parte. O campo estaba cheo, con dúas aficións moi rivales (o partido tiña morbo). Empezaron un pouco vacilantes. Recibín algún insulto por non poñer máis figuras... pouco a pouco empezaron a xogar, sacaron aos xogadores claves e apareceu Don Gol que todo o arranxa no fútbol; xogaron un gran partido. Gañamos 4-2. Saltaron á lama o presidente e abrandou a Sociedade apoiándonos. Algún pasou a un equipo grande... era a primeira xeración despois da guerra.

Estes eran os integrantes fundadores do Equipo dos Netos : Manolo (Mafer), Manolo Fujiño, José Luis da sastrería, Páquito Pardiño, Arias, Santos, Guillán, os irmáns Regueira, Os Maripepos (Antonio e Manolo Otero), e Ferrador, José Luis Torres e outros máis que agora non lembro.

No traballo tamén destacaron cada un no seu oficio, teño constancia. Estando xubilado fun ao médico a Ribeira e estiven cun home maior que estaba mal. Díxome que era dos do Nervión e eu lle dixen que era de Palmeira. Pregunteille se coñecía a Santiños e respondeume que si, que o coñecía, e desfíxose en eloxios. Preguntoume que era del e díxenlle que estaba en América e cando ten vacacións sempre nos visita.

Os Netos tamén tiñan defectos pero iso quedaba para cando nos atopábamos e lembrábase anécdotas. Era difícil velos a todos por ser Palmeira un pobo de emigrantes e navegantes. Esta é a breve historia dos famosos Netos de Palmeira...

Empezaba unha nova etapa do fútbol en Palmeira. Temos unha bonita historia. Na era Vizcaya empezouse xogando partidos amistosos Pobra-Ribeira e con equipos da comarca e algúns trofeos. Federouse o equipo e formábanse novos equipos no municipio. Entramos na liga Sar e un ano fomos campións. Éramos un equipo punteiro, sempre nos postos de cabeza. Xogamos importantes trofeos como o noso, o da Sociedade. Gañámolo varias veces. O Trofeo da Caixa de Aforros o xogamos en Santiago, de noite, foi todo un acontecemento. Tamén gañamos contra o Noia, o Sarmiento Birma, un Trofeo moi valorado por nós que somos afeccionados ao fútbol por ser un dos mellores periodistas deportivos de Galicia. Tamén en Santiago xogamos contra o Viveiro o ascenso a 1ª Rexional que gañamos; fomos o primeiro equipo da comarca que ascendemos a esta categoría.

Percorremos toda Galicia, perdemos a categoría pero fixemos un papel honroso. Era difícil ... todos os anos había que cambiar a metade dos xogadores debido ao sistema de vida do noso pobo. Seguimos avanzando no tempo, pasaron uns anos e o fútbol estruturouse de xeito Rexional e por Comarcas. Empezaba outra etapa, novas directivas, novos nomes ... de novo aparece Pampín e a compra do campo de Ventín (un bo traballo por parte da nova directiva).

Xogabamos en 2ª Rexional, fixemos un bo traballo: Varias veces campións pero tamén andivemos de baixa e sube cos xuvenís. No ano 2006 o equipo deunos unha gran alegría sendo este ano campións o Palmeira e tamén os xuvenís.

Como pasou o tempo e aqueles famosos Netos son avós, e nós, a Sociedade Hijos de Palmeira, aquí estamos, con dous campos de fútbol que moitos equipos de outras categorías quixeran ter ... Aquí estamos ... ao servizo do deporte.

Manuel Gómez García, un avó da posguerra.



## GRACIAS Á ANPA POLA SÚA COLABORACIÓN

A ANPA (Asociación de nais e pais do alumnado) colaborou activamente co centro ao longo do curso: Xestionaron o funcionamento do comedor escolar, organizaron as actividades extraescolares da tarde: pintura, teatro, taekwondo, batuka, natación... e na festa de Fin de Curso teremos, gracias a eles un espectáculo de Divermaxia a cargo do mago Richard. Dende estas páxinas queremos agradecer á Xunta Directiva a súa xenerosa colaboración que redunda en beneficio de toda a Comunidade Escolar.



O grupo de teatro da ANPA, baixo a dirección de Chiqui Durán preparou a obra “A outra Brancaneves”. Esta obra representouse na Mostra de Teatro que organiza o Concello de Ribeira no Auditorio. Tamén se representarán no colexio, para todo o alumnado, na Festa de Fin de Curso.



A profe de batuka actuou na festa do Antroido cunha coreografía baseada na película Shrek.

Tamén as nais e os pais, as avoas e os avós... colaboraron activamente en tódalas actividades que se propuxeron dende o centro.

MOITAS GRACIAS A  
TODAS E TODOS!



## CHEGOU A HORA DA DESPEDIDA!

Neste colexio aprendín moitas cousas, pero non só o que pon nos libros. Aprendín a ser responsable, a traballar en equipo...

MARÍA REY

Lévome, ademais de recordos, moitos coñecementos que vou poñer en práctica no Instituto.

MARÍA ÁLVAREZ



Todos temos crecido moito pero no fondo seguimos sendo nenos.

MARCOS

Aquí estiven dende os 3 anos e paseino moi ben, aprendín cousas que antes non sabía. Neste colexio tiven seguridade, protección...

LETICIA

Tamén tiven algún malentendido con algún dos meus compañeiros pero sempre todo se terminaba arreglando porque somos compañeiros e respectámonos tal e como somos.

MARÍA REGO

## DESEXAMOS BO VERÁN A TODA A COMUNIDADE ESCOLAR



- Esta revista foi maquetada por profesorado integrante do Equipo de Novas Tecnoloxías do colexio.

- Pódese descargar a ver a toda cor na nosa páxina web:

<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/>



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

### CEIP de Palmeira

Lomba S/N - Palmeira  
Tfno.- Fax: 981838281  
correo-e: ceip.palmeira@edu.xunta.e  
<http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeir>





Carlota 2º